

XORNADA

MULLERES E ANTROPOLOXÍA EN GALICIA. ANTROPOLOXÍA APLICADA NA ACCIÓN SOCIOCULTURAL

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Mércores, 12 de xuño de 2019



Esta xornada, promovida pola Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega, ten como obxectivo dar a coñecer e pór en valor diferentes achegas que, desde a antropoloxía e/ou a etnografía, contribuíron ao estudo e análise da realidade das mulleres en Galicia no presente e tamén no pasado. Quérese incidir tanto nas contribucións de carácter teórico como na aplicación da antropoloxía e dos métodos de traballo relacionados con ela. Trátase, en definitiva, de pensar nos beneficios prácticos que a disciplina antropolóxica pode achegar ás comunidades.

Na sesión da mañá, sen perder de vista o lugar ocupado pola antropoloxía na actualidade en Galicia, reflexionárase sobre os diferentes marcos de comprensión antropolóxicos aplicados á realidade obxecto de estudo proposta. Sobre os retratos e relatos, ás veces contraditorios, que diferentes estudosos e estudosas produciron, de xeito concreto ou transversal, sobre “a/s muller/es galega/as” ou as mulleres en Galicia. Prestarase especial atención ás propostas e reflexións propias da antropoloxía aplicada e tamén ás olladas de xénero e/ou feministas, máis concretamente a propostas xurdidas desde a antropoloxía feminista.

Na sesión da tarde terán maior protagonismo os casos prácticos. Traballos pensados desde as comunidades e para as comunidades que, no seu desenvolvemento, fan uso de propostas metodolóxicas e técnicas propias da disciplina antropolóxica. Prácticas que implican vincularse coas comunidades ou persoas obxecto de estudo, para aprender e entender a súa cultura. Propostas que, tendo en conta a relevancia do contexto e o significado que teñen os actos humanos, buscan a participación activa de persoas e/ou grupos na organización, mobilización e desenvolvemento dos seus propios recursos e potencialidades. Aspecto este que é fundamental á hora de propor procesos de transformación que promovan sociedades máis xustas.

Imaxe da portada: Mural de Bosoletti. DesOrdes Creativas 2016. Fotografía: Sokram (Mutante Creativo)

PROGRAMA

09:30 horas

Presentación

Rosario Álvarez, presidenta do CCG

María Xosé Porteiro, coordinadora da Comisión de Igualdade do CCG

Sesión da mañá

ANTROPOLOXÍA

RELATORIOS

Presenta e modera: **Rebeca Blanco Rotea**, coordinadora da Sección de Patrimonio e Bens Culturais do CCG

10:00 horas

"A muller galega", construción e crítica dun estereotipo

Nieves Herrero, profesora de Antropoloxía Social, USC

11:00 horas

Pausa

11:30 horas

O programa ORIMAX: proposta dunha ferramenta para a antropoloxía aplicada

Marcial Gondar, catedrático de Antropoloxía da USC (xubilado)

12:30 horas

Retos da antropoloxía feminista: entre teorías e prácticas etnográficas

Lourdes Méndez, catedrática de Antropoloxía da UPV/EHU

13:30 horas

Debate

Sesión da tarde

ANTROPOLOXÍA NA ACCIÓN SOCIOCULTURAL

17:00 horas

Presenta e modera: **Fátima Braña Rey**, antropóloga, Universidade de Vigo

17:10 horas

Repensando unha intervención coa comunidade caboverdiana de Burela: potencialidades e desafíos na aplicación da antropoloxía

Luzia Oca, membro da Comisión de Igualdade do CCG, antropóloga, Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro

17:40 horas

Radiografía dun museo desde a perspectiva de xénero: o caso do Museo Etnolóxico de Ribadavia
Cesar Llana, director do Museo Etnolóxico de Ribadavia

18:10 horas

Investigar e actuar: Diálogos coa Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego
Rebeca Raso, formadora e educadora en igualdade/feminismo, con metodoloxías de educación popular e teatro dx oprimidx. Colaboradora do Sindicato Labrego Galego

18:40 horas

Debate

19:10 horas

Álbum de mulleres. Especiais Viaxeiras e "A muller galega", construción e crítica dun estereotipo

María Xosé Porteiro, coordinadora da Comisión de Igualdade do CCG
Mariám Mariño Costales, técnica da Comisión de Igualdade do CCG

ORGANIZA

Comisión de Igualdade (CCG)
Consello da Cultura Galega

COORDINA

Nieves Herrero
Mariám Mariño Costales
Luzia Oca González

LUGAR

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.
Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.
Para obter o diploma é preciso asistir ao 75 % das sesións.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

